



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Expediente 620/406

Asunto: Medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Normativa de aplicación:

Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOE núm. 312, de 29.12.2021) "LMURTEP".

INFORME:

Emítase o presente informe a petición do Xerente de Urbanismo (trámite 12 do expediente 620/406) e seguindo a estrutura do seu oficio:

(i) Identificación de prazas de natureza estrutural dotadas orzamentariamente, estean ou non na RPT, sinalando escala, subescala, clase ou categoría, ocupadas de forma temporal e ininterrompida nos tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020. Artigo 2.1. parágrafo primeiro LMURTEP.

| Nº | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Quenda |
|----|------------------------|-------|-----------------|-----------|----------|--------|
| 3 | Técnico/a Admon. Xeral | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |
| 2 | Arquitecto | A1 | Admón. Especial | Técnica | Superior | Libre |

Estas 5 prazas foron incluídas na Oferta de Emprego Pública do ano 2021, aprobada pola Xunta de Goberno Local de 10.12.2021 (expediente 13468/407) e publicadas no DOG de 21.12.2021 e no BOP de 22.12.2021.

1) As tres prazas de Técnico de Administración Xeral están ocupadas de forma temporal desde 2016, utilizando a lista aprobada pola Vicepresidente en resolución de 06.02.2015 (expediente 7801/407) e conformada por candidatos que tendo superado probas eliminatorias da oferta de emprego público de 2010 (rematada en xaneiro de 2015) non obtiveron praza en propiedade.

As interinidades foron aprobadas nos expedientes 8944/407 (maio de 2016) e 9140/407 (agosto de 2016) e aínda que teñen orixe en substitucións de funcionarios titulares das prazas, no expediente 232/417, a Vicepresidente -en data 13.02.2020- resolve:

"Nomear a D^a Marta Iglesias Pereira, a D^a Marta Díaz Lorenzo e D^a Rosalía Alonso Pena, Técnicas de Administración Xeral, con carácter de funcionarias interinas, con cargo a prazas vacantes dotadas no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo (suposto do artigo 10.1_a) do texto refundido do EBEP)".

Tamén debe poñerse de releve que a interinidade de Marta Iglesias Pereira comenza cunha encomenda de funcións, por ter praza en propiedade de Administrativa. En 2020 esta funcionaria solicita a excedencia nesta praza.





Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Expediente 620/406

En calquera caso, entende este funcionario que o 31 de decembro de 2020 existían tres prazas de técnico de administración xeral cubertas durante mais de tres anos de forma temporal e ininterrompida, polo que se incluíron como de estabilización do emprego temporal na OEP 2021 (entón en base ó Real Decreto-ley 14/2021, de 6 de xullo).

2) As dúas prazas de Arquitecto son as ocupadas de forma ininterrompida desde:

- 24.09.2015: Toma de posesión despois da Resolución da Vicepresidencia de 14.09.2015 no expediente 8435/407. Parte tamén dunha substitución transitoria da titular da praza, que finalmente non retorna (o 01.02.2020 toma posesión de forma permanente na Deputación de Pontevedra). A praza está ocupada por D. Santiago Ulloa Ayora.

- 12.06.2017: Toma de posesión despois da Resolución da Vicepresidencia de 02.06.2017 no expediente 9831/407. Parte tamén dunha substitución transitoria da titular dunha praza, pero neste mesmo expediente 9831/407 a Vicepresidencia o 20.12.2021 resolve:

“Considerar ó arquitecto interino D. Jesús Garabal Fernández vinculado a unha das prazas de arquitecto da oferta 2021 para a estabilización de emprego (oferta aprobada por acordo da XGL de 10.12.2021, expediente 13468/407).”

Igualmente, considerouse no citado expediente da OEP 2021 (expediente 13468/407), que o 31 de decembro de 2020 existían dúas prazas de arquitecto cubertas durante mais de tres anos de forma temporal e ininterrompida, polo que se incluíron como de estabilización do emprego temporal na OEP 2021 (entón en base ó Real Decreto-ley 14/2021, de 6 de xullo).

(ii) Identificación das prazas non convocadas afectadas polos procesos de estabilización previstos na Lei 3/2017 e na Lei 6/2018 incluídas nas correspondentes ofertas de emprego público de estabilización sinalando escala, subescala, clase ou categoría. Artigo 2.1. parágrafo segundo LMURTEP.

| Nº | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Quenda |
|----|----------------------|-------|--------------|-----------|----------|--------|
| 2 | Técnico Admon. Xeral | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Arquitecto | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Enxeñeiro industrial | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |

Neste suposto encóntranse as prazas incluídas na Oferta de Emprego Público de 2018, aprobada pola Xunta de Goberno Local de 21.12.2018 (expediente 11219/407) e publicada no BOP e no DOG, ambos de 28.12.2018.

Estas prazas son:

- Praza de arquitecto: ocupada por D. Gustavo Mallo Camaño desde 01.07.2009.





Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Expediente 620/406

- Praza de enxeñeiro superior industrial: ocupada por D. José Collazo Martínez desde 20.07.2009.
- Praza de técnico de administración xeral: ocupada por D. Marcos Viturro Gómez desde 07.05.2010.
- Praza de técnica de administración xeral: ocupada por D^a. Ana Belén Louro Pais, interina desde 07.05.2010.

(iii) Identificación de prazas de natureza estrutural dotadas orzamentariamente sinalando escala, subescala, clase ou categoría, ocupadas con carácter temporal e ininterrompidamente desde data anterior o 1 de xaneiro de 2016. Disposición adicional sexta LMURTEP.

| Nº | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Quenda |
|----|----------------------|-------|--------------|-----------|----------|--------|
| 2 | Técnico Admon. Xeral | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |
| 2 | Arquitecto | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Enxeñeiro industrial | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |

Estas prazas son as mesmas que as sinaladas no apartado anterior (ii), incluídas na OEP 2018, engadíndolle unha praza de arquitecto, incluída no apartado primeiro (i) e, polo tanto, na OEP 2021.

(iv) Identificación de prazas vacantes de natureza estrutural, sinalando escala, subescala, clase ou categoría ocupadas por persoal interino con nomeamento anterior o 1 de xaneiro de 2016. Disposición adicional oitava LMURTEP.

Reiterase a relación de prazas do apartado anterior:

| Nº | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Quenda |
|----|----------------------|-------|--------------|-----------|----------|--------|
| 2 | Técnico Admon. Xeral | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |
| 2 | Arquitecto | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Enxeñeiro industrial | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |

CONCLUSIÓN:

As prazas sometidas a estabilización de emprego están todas elas contidas nas ofertas de emprego públicos aprobadas e pendentes de executar de 2018 e 2021.

O réxime aplicable varía en función de si é de aplicación a Disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro ("LMURTEP"). De conformidade cos apartados (iii) e (iv), son:



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 14/02/2022 12:20

Páxina 3 de 4

EXPEDIENTE 620_406

CSV: 2788A6-5FD4C4-DEDD25-S9WS28-XSFGNT-EH

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO

Expediente 620/406

| Nº | Denominación | Grupo | Escala | Subescala | Clase | Quenda |
|----|----------------------|-------|--------------|-----------|----------|--------|
| 2 | Técnico Admon. Xeral | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |
| 2 | Arquitecto | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |
| 1 | Enxeñeiro industrial | A1 | Admón. Xeral | Técnica | Superior | Libre |

Todas elas da OEP de 2018, agás unha de arquitecto incluída na OEP 2021. O sistema de dotación deberá ser o concurso.

Ao resto das prazas (incluídas na OEP 2021) aplicaráselles o sistema de dotación de concurso-oposición (taxa adicional de emprego temporal do artigo 2 da Lei 20/2021).

Das 91 persoas que prestan actualmente servizo na Xerencia de Urbanismo, 21 son interinos (3 de eles con praza en propiedade de inferior categoría). Estas medidas de estabilización afectarían a 9 prazas, reducíndose case un 50%.

Vigo, na data da sinatura electrónica
Juan González Ramírez, xefe dos Servizos Centrais

